



## Un Mundo Sostible CONSELLOS DE RECICLAXE

SOGAMA e a Xunta de Galicia veñen de poñer en marcha unha campaña de concienciación co título:

### O CHAN E O INODORO NON SON CONTENEDORES DE LIXO

Con ela pretenden facer visualizar á poboación do perigo que para o Medio Ambiente teñen os refugallos máis pequenos: cabichas (colillas), chicles, toallitas húmedas, bastoncillos de algodón... dos que moitas veces nos desfacemos con descoído, coa falsa crenza de que acabarán por desaparecer por si sós.

**CABICHAS:** Son a 1ª fonte de lixo mundial. O maior perigo está no seu filtro, que acumula componentes tóxicos e substancias químicas nocivas para a contorna e para a saúde, moi especialmente cando entran en contacto coa auga.

**CHICLES:** Trátase de polímeros sintéticos NON degradables, cun enorme poder de adherencia e que conteñen un elevadísimo número de bacterias. A inmensa maioría acaba no chan.

**TOALLITAS HÚMIDAS:** En realidade é un téxtil, polo que, cando se tira polo inodoro, provoca graves problemas na rede de saneamento ao desfacerse en fibras, polo que o custo económico é elevadísimo.

**BASTONCILLOS DE ALGODÓN:** Feitos de plástico e algodón, serán prohibidos pola Unión Europea a partires do 2021. Representan máis da metade do lixo de orixe humana que se libera en augas residuais, chegando ao mar, onde tarda en degradarse por completo case 300 anos!

EXISTEN CARTEIS POLO CENTRO SE QUEREDES SABER MÁIS DESTE TEMA!!!

## ACTIVIDADES da BIBLIOTECA: Outubro e Novembro 2019



- Exposición de fotografías sobre o cambio climático e as manifestacións que o denuncian por todo o mundo.
- Club de Letras: obradoiros transversais na ESO sobre o tema da IGUALDADE.
- Clubs de Lectura en Galego e en Castelán: Primaria, Secundaria e Adultos
  - Radio na Biblio
  - Bibliotecas Creativas: Escornabots e Impresión 3D
- Día de Muertos Mexicano (30 Outubro). Obradoiro de maquillaxe, altar de mortos, exposición de libros de medo...
  - Representacións do Club de Lectura polo Samaín.
- Día Internacional da Infancia: Proxecto que conmemora o 30º aniversario da Declaración dos Dereitos do Neno.
  - Obradoiro de compostaxe na Azucareira (21 Outubro).
- “English Week” semana de inmersión lingüística en Inglés para os alumnos de 3º ESO (Novembro).
- Exposición sobre os Premios Nobel de Literatura do 2018 (Olga Tokarczuk) e 2019 (Peter Handke) concedidos este mes.
  - Traballo de investigación e exposición sobre o Turismo Sostible en Inglés.
- Proxecto e-Twinning sobre reciclaxe e consumismo “Sustainable Goals: Stop Over Consumption” co-coordinado coa International Engelska Skolan de



Suecia.



## PROXECTO do PLAMBE 2019/20:


### “UN MUNDO SOSTIBLE”

O proxecto para o PLAMBE deste curso levaranos a investigar sobre a reciclaxe, as enerxías renovables, o coidado da Natureza, os materiais de refugallo, compostaxe...

Aprenderemos a facer unha selección efectiva do lixo e poremos en marcha unha composteira para aproveitar os restos de comda do comedor e convertilos en abono para o noso invernadoiro.

Traballaremos dende todos os puntos de vista e en todos os niveis educativos. Esperamos que vos guste e que, entre todos, melloremos a nosa conciencia ecolóxica!

### NOVIDADE: CONTA DE TWITTER DA BIBLIO



### CONSELLOS “ALFIN”: BUSCAS EN INTERNET

Internet pode ser un labirinto se non se sabe buscar ben. Fixate nestas indicacións:

- ☞ Realiza una búsqueda en internet con palabras clave.
- ☞ Para atopar unha frase concreta pola entre comillas “”.
- ☞ Emprega as ferramentas de busca para seleccionar o país, a lingua, un intervalo de datas...
- ☞ Se queres evitar unha palabra na túa busca, pon o signo menos (-) diante dela (sen espazo).


Non todo o que atopas te valerá! o máis importante é que fagas un labor de selección moi coidadoso. Emprega estes criterios de selección:

- ☞ Investiga se a fonte é fiable.
- ☞ Contrasta a información en máis dunha fonte para estar seguro.
- ☞ Apoíate con outros medios (xornais, libros...)



Portas

BOLETÍN nº9  
Outubro 2.019



<http://bibliocpidomingofontan.blogspot.com.es/>